

LIFE IS BEAUTIFUL

Mohamed Jabaly, 2023

1662

ESTREA EN NUMAX: 08.01.2026 | V.O.S.E. | 90 min

O cineasta palestino Mohamed Jabaly insiste en contar historias da súa cidade natal, Gaza, compartindo as súas propias experiencias e perspectivas, sen aceptar os límites impostos pola política internacional e a rixida burocracia. Atrapado no frío e escuro ártico do norte de Noruega, só capaz de conectar coa súa familia por Internet, consegue activar a súa propia creatividade e o apoio dos seus amigos para manter o seu lema: "A vida é bela".

A sesión contará con presentación e coloquio a cargo do director.



Vivir no limbo

Por David Katz

Life Is Beautiful é un estudo sobre a idea de pertenza a un pobo vivindo fóra del, a historia dun individuo que aprende o que significa ser palestino a pesar de non poder vivir na súa terra. O dilema de Mohamed Jabaly acompaña a milleiros de compatriotas seus que viven fóra de Palestina. En 2014, o cineasta Mohamed Jabaly viaxou a Tromsø, seguindo unha iniciativa cultural que emparellaba a cidade norueguesa con Gaza; pouco despois o paso fronteirizo de Rafah con Exipto foi pechado, sendo esa a única vía de entrada que lle podía permitir volver a casa.

Aínda que *Life Is Beautiful* non denuncia directamente a brutal ocupación e o dominio militar de Israel, o que pode decepcionar aos espectadores que busquen unha relevancia política máis inmediata, proporciona a experiencia dun palestino ordinario que non está interesado en ser nin un activista nin un loitador. Simplemente desexaría vivir con dignidade e na compañía da súa familia na terra que o viu nacer e medrar.

Mentres a guerra se intensificaba, Jabaly ficou atrapado. Por unha banda o peche de fronteiras non lle permitía entrar en Palestina, pola outra o seu país anfitrión cada vez se volvía máis e máis hostil coa súa presenza alí. Coa infatigable axuda de Hermann Greuel, do Nordic Youth Film Festival, que lle ofreceuse a Jabaly unha residencia de facto, puido editar *Ambulance/Gaza*, a súa premiada película que conta o tempo que pasou acompañando os servizos de ambulancia de Gaza ao durante o asedio de 2014. Greuel ademais dun teito seguro ofreceulle asistencia xurídica para solicitar un visado de traballo. Ao principio foille rexeitado, xa que Noruega non recoñece totalmente a Palestina e a cousa complicouse polo feito de non ter Jabaly unha formación cinematográfica formal que o acreditase como director ou realizador, a pesar de contar co seu premiado filme testemuño do seu bo facer.

Nese sentido o propio cinema foi moi importante, xa que co seu manexo fluído da cámara portátil e os seus patróns de edición de ritmo rápido semella ter acadado unha identidade cinematográfica propia, unha resiliencia que lle permitiu un continuo progreso. Non deixa de ser reconfortante comprobar como a industria do cinema e a comunidade de festivais foi a primeira en certificar o valor da obra de Jabaly, coa estreia do seu primeiro filme no Sheffield Doc/Fest ou o premio outorgado polos xornalistas árabes da BBC en Londres. Unha vez certificado o seu visado noruegués e cunha actividade constante como docente de cursos de cinema, por fin puido abrazar a súa familia de Gaza tras sete anos de exilio. Este proceso compón a cerna de *Life Is Beautiful* no que resulta especialmente emocionante o reencontro coa súa nai, a quen se dirixe a voz en off de toda a película.

Os acontecementos de outubro de 2023 achegan unha nova sombra ao visionado da película, unha sensación adicional de clausura. Mentres, o pobo palestino seguirá a loitar pola vida e a beleza, como sempre fixo.

Publicado en cineuropa.org